

ACCÉSIT: Rebeca Álvarez Crespo

PSEUDÓNIMO: Férenac

~ **Recordos olvidados** ~

Fai moito tempo que non ergo a cabeza. Día tras día consúmeme a fame, a sede e sobretodo a tristeza porque a miña muller, Laura, está con un home que a arrastra canda el co paso do tempo.

Xa non teño forzas para loitar con este inimigo, é moito máis forte e poderoso ca min. Pero aínda así non me resigno a aceptalo.

Cando falo con ela parece non recordar os bos momentos que pasamos xuntos. As viaxes por Europa, as noites deitados nas rocas do río pedíndolle desexos ás estrelas... Toda unha vida xuntos e unha familia que enxendramos. Son moitos anos, anécdotas, recordos. ¿Porqué non se acorda de ningún?

Nas festas, aniversarios e cumpreanos ela xa non está connosco. Vive sumida nun soño onde só hai cabida para o seu novo amor. Da miña cabeza non se vai a idea de que a nosa familia a está perdendo. Non sei que facer. Que está nas miñas mans ou se estou perdendo o tempo intentando recuperala.

Pedín axuda a profesionais e tamén pedín conxellos ós meus amigos e todos din o mesmo. “Non hai volta atrás, déixaa ir”. Pero non podo. O noso amor era moi grande, non quero que acabe así. Quero recuperala pero o que máis me atormenta é que teñen razón. Non hai volta atrás.

Esta mañá estivemos vendo as fotos da nosa boda, as dos nosos fillos, as de todas as viaxes... Recordos para os que non preciso imaxes pois están grabados na miña mente e tamén no meu corazón.

Pasei con lentitude as follas daquel álbum pero na súa cara non apareceu nin un albisco de emocións.

Linlle tamén os poemas e relatos que ela mesma escribira fai moitos anos. Laura tiña moito talento. Tódolos meses escribíame un poema e deixábamo entre as sabas para que cando despertara as súas palabras fixéranme seguir soñando. Sempre era na mesma data. O día no que as nosas vidas comenzaron a entrelazarse.

Tódalas súas obras tiñan algo en común. Non eran os nomes, nin as cidades, nin os sucesos. Era a esencia dos persoaxes. Éramos ela e máis eu. Martín e Laura. Laura e Martín. Os seus relatos contaban o noso amor. A nosa historia.

Laura seguía coa mente en branco mentres eu recitaba aqueles versos agora tinguidos de amargura. Miraba ó fronte sen decir nada. Sen un esbozo de poder sentir algo. Nada. O único que choraba por dentro era eu.

Agora que o final empeza a acercarse teño medo de que Laura teña que irse desta casa e deixarme só. Aínda que non o permitiría, se tivera que irse iría con ela por moito que me doía irme do meu fogar pero sei ben que nunca poderei separarme dela.

Ese maldito home estame arrebatando a miña muller. O seu nome é Alzheimer. E non vai parar ata apresala para sempre.

Dende que soubemos que a enfermidade estaba no seu corpo todo comezou a dar voltas. Aínda que ela nunca perdeu o sorriso. Máis que por animarse ela, para que nós non nos derrubáramos.

Foi difícil distinguir os días bos dos malos porque sempre había algo polo que chorar un pouco máis. E a min xa non me quedan máis bágoas.

Os nosos fillos non entenden porqué fago isto. Intentar que a súa nai volva

conosco. Os médicos recoméndanme levala a un centro onde estará mellor pero eles non entenden que non hai lugar onde esté mellor que non sea o seu fogar, aínda que xa o olvidara.

Hai veces que teño esperanzas e penso que os milagres existen pero son só segundos de recordos triviais que esfúmanse cun novo suspiro.

Agora mesmo terei que baixar a cabeza e desexar que todo remate pronto pois eu non poderei soportar esta dor por moito máis tempo. Cando ela se despida do mundo eu fareino con ela e será entón cando volva comigo.

Laura está sentada nun rincón coa mirada desfeita e co seu sorriso eterno. Vana a levar dentro dos minutos uns médicos ó hospital.

Ten na man un anel, a súa alianza. Está dándolle voltas cos seus dedeiros fráxiles mentres vou cara ela. Parece que non se da conta da miña presenza. Cóllolle o anel con coidado de non asutala e míroo durante un momento. Ese anel significaba moito.

Sácome a miña alianza do dedo e xunto coa súa, cólgollas da cadea que reposaba no seu peito. A pesar do paso dos anos e a enfermidade Laura conservaba a súa hermosura. Os anos non lle facían sombra.

Cando lle puxen a cadea no pescozo miroume e falou despacio e coas poucas palabras que recordaba:

“Non sei como te chamas, tampouco quen es. Pero non quero que te vaias. Quérote, dimo o corazón. “